



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

CERTIFICADO DE ACORDO PLENARIO

Expediente: 2022/G010/000008 (Sesión Plenaria).

Don Ricardo Garrido Caneda, secretario interventor do Concello da Baña (A Coruña)

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación en sesión plenaria ordinaria realizada o día 21 de xullo de 2022, aprobou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe:

“3. Aprobación, se procede, da compatibilidade do persoal ó servizo da administración local para desenvolver actividades no sector público.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa Asuntos do Pleno con data do 19 de xullo de 2022 que de seguido se transcribe:

“Asunto: APROBACIÓN DA COMPATIBILIDADE DO PERSOAL Ó SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL PARA DESENVOLVER ACTIVIDADES NO SECTOR PÚBLICO.

Expte. TEDEC: 2022/E007/000002 (Persoal).
Expte. TEDEC: 2022/G006/000514 (Proposta).
Expte. TEDEC: 2022/G012/000006 (Com. Informativa).
Expte. TEDEC: 2022/G010/000008 (Pleno).

Visto ditame da comisión informativa de asuntos do pleno que se transcribe a continuación:

“Vista a solicitude presentada por don Ricardo Garrido Caneda, Secretario - Interventor deste Concello, con número de rexistro de entrada 202299900000407, de data 15/07/2022, mediante o que solicita se instrúa expediente de compatibilidade para desenvolver actividade no sector público.

Visto o informe de Secretaría – Intervención relativo ó procedemento a seguir, de data 15/07/2022.

Visto o informe do xefe de persoal deste Concello, mediante o que se sinala en sentido favorable a compatibilidade dunha segunda actividade ó tratarse dun suposto de feito incluído na normativa de aplicación (profesor universitario sen sobrepasar os límites retributivos de Director Xeral marcados polos Orzamentos Xerais do Estado).



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Vista a normativa de aplicación que se referencia a continuación:

- *Disposición Final Terceira do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.*
- *O artigo 145 do Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.*
- *A Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.*
- *O Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos i empresas dependentes.*
- *Os artigos 50.9 e 70.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.*
- *Os artigos 22.2.q) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno, de conformidade co artigo 9 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e o artigo 22.2.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Examinada por parte desta Comisión Informativa a documentación obrante no expediente de referencia e emitidas as seguintes consideracións por parte dos membros da mesma:

- *O señor Alcalde, don Jose Andrés García Cardeso, preséntalle a proposta ó conxunto de integrantes da Comisión Informativa e dalle paso ó Secretario para que explique os detalles técnico xurídicos.*
- *Non se producen intervencións adicionais de relevancia por parte dos integrantes deste órgano.*

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta comisión informativa ditamina o seguinte con tres votos a favor (concelleiros do Partido Popular e Compromiso por Galicia), ningún voto en contra e dúas abstencións (concelleiros do PSdG-PSOE):

Primeiro. Autorizar a don Ricardo Garrido Caneda a compatibilidade co exercicio da actividade de profesor no Master de políticas públicas, goberno local e innovación da Facultade de Ciencias Políticas da USC durante os meses de setembro e outubro en



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

horario de tarde, por entender que non se impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin se compromete a súa imparcialidade e independencia.

Segundo. Comunicar a presente autorización de compatibilidade ó Consello Superior da Función Pública, ó obxecto de que cumpra coa súa obriga de informar cada seis meses ás Cortes Xerais das autorizacións de compatibilidade, concedidas en tódalas Administracións Públicas e nos Entes, Organismos i empresas delas dependentes, tal e como dispón a disposición adicional terceira da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Terceiro. Notificar o presente acordo ó interesado, autorizando a compatibilidade solicitada. Igualmente comunicárase á USC como entidade pública na que o interesado desenvolverá a segunda actividade.

Cuarto. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente."

En virtude do disposto nos artigos 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de organización e, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o Pleno da Corporación aproba, por unanimidade, o seguinte :

Primeiro. Autorizar a don Ricardo Garrido Caneda a compatibilidade co exercicio da actividade de profesor no Master de políticas públicas, goberno local e innovación da Facultade de Ciencias Políticas da USC durante os meses de setembro e outubro en horario de tarde, por entender que non se impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes nin se compromete a súa imparcialidade e independencia.

Segundo. Comunicar a presente autorización de compatibilidade ó Consello Superior da Función Pública, ó obxecto de que cumpra coa súa obriga de informar cada seis meses ás Cortes Xerais das autorizacións de compatibilidade, concedidas en tódalas Administracións Públicas e nos Entes, Organismos i empresas delas dependentes, tal e como dispón a disposición adicional terceira da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Terceiro. Notificar o presente acordo ó interesado, autorizando a compatibilidade solicitada. Igualmente comunicárase á USC como entidade pública na que o interesado desenvolverá a segunda actividade.

Cuarto. Se lle de traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a aqueles terceiros interesados que obren no expediente.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

E para que así conste, agás erro ou omisión involuntaria, expido a presente certificación, de orden e co visto e praxe do señor Alcalde, na Baña á data da sinatura dixital.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.